Informe sobre a proposta de modificación da relación de postos de traballo do Instituto de Estudos do Territorio

O 03/02/2025 tivo entrada na Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico unha solicitude da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal no que se solicita informe sobre a citada modificación.

Atendendo a solicitude formulada, esta Dirección Xeral emite o seguinte:

INFORME

PRIMEIRO. Obxecto

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, estableceu a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 49/2024 do 22 de abril, fixou a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e estableceu os órganos superiores e de dirección da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a adscrición do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio. A aprobación dos estatutos do IET levouse a cabo a través do Decreto 244/2011, do 29 de decembro.

A aprobación da primeira RPT do IET efectuouse mediante a Resolución do 14 de xuño de 2019. Esta RPT sufriu unha modificación aprobada mediante Resolución do 21 de febreiro de 2022 cunha corrección de erros publicada no DOGA do 5 de abril de 2022.

O obxecto deste informe é unha nova modificación da relación de postos de traballo motivada polo seguinte:

- Reforzar e adaptar a estrutura debido ao desenvolvemento de novos programas e proxectos, en execución do Decreto 104/2023, do 29 de xuño.
- Recoller os cambios de vínculo xurídico dunha parte do persoal do IET derivados dos procesos de funcionarización do persoal laboral fixo deste organismo autónomo.

SEGUNDO. Modificacións propostas

A modificación da relación de postos de traballo do IET con incidencia orzamentaria, consiste en:

1. **Creacións**.
   - 1 Xefatura de Servicio de Coordinación e Fomento dos Valores Paisaxísticos (A1-A2-28A) (*).
   - 1 Xefatura de Sección de Produción e Información Cartográfica (A1-A2-25).
   - 1 Xefatura de Sección de Estudos (A1-A2-25).
   - 5 Posto base (Subgrupo C1-14).

(*) Posto que conta con dotación orzamentaria para o ano 2025.

O custo das creacións, custos sociais incluídos, ascende a **329.440,32 €.**

Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico
Edificios administrativos San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tlfno.:981 54 51 10 – Fax.: 981 54 51 94
dx.planificacion.orzamentos.facenda@xunta.gal

CVE: 0608hF5aCI40
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. **Amortizacións**.

Postos vacantes, sen titular e sen ocupar:
- 2 Posto base (Subgrupo C2, nivel 12) (*).
- 1 Posto base (Subgrupo A1, nivel 20).
- 1 Secretario/a do/a director/a do Departamento (Subgrupo C1-C2, nivel 16).
- 1 Xefatura de grupo (Subgrupo C1-C2, nivel 14) (*).
- 1 Titulado/a grado medio (Grupo II, nivel 17).
- 5 Técnico/a especialista en informática (Grupo III, nivel 91).

(*) Postos que non contan con dotación orzamentaria para o ano 2025.

O custo das amortizacións, custos sociais incluídos, ascende a **353.680,92 €.**

3. **Modificacións**.

Proponse eliminar o requisito de titulación 2062 – Licenciado/Grao en dereito para acceder á Xefatura do Servizo Xurídico-Administrativo dependente do Departamento de Xestión Xurídico-Administrativo, sen prexuízo de que constitúa un mérito a valorar, e se poña como formación específica 501 LIC./GRAO DEREITO (mérito).

A xustificación é a modificación das funcións de dito servizo polo Decreto 104/2023, do 29 de xuño, pasando a ser funcións, non só de carácter xurídico, senón tamén de carácter administrativo.

Esta modificación non ten custo.

TERCEIRO. Financiamento

As creacións financiaranse coas amortizacións indicadas, xerando un remanente de **24.240,60 €**, o cal se destinará para futuras modificacións da RPT con fin de estabilizar o número de efectivos da entidade, tendo en conta as competencias eminentemente técnicas e específicas que se desempeñan nalgunhas das unidades administrativas desde organismo.

CUARTO. Sentido do informe

Á vista de todo o anterior, esta Dirección Xeral, no exercicio da competencia que lle atribúe o art.11 do Decreto 141/2024 do 20 de maio polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, e en aplicación dos artigos 3 e 7 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, **informa favorablemente** a modificación da relación de postos de traballo do Instituto de estudos do Territorio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital deste momento,

O Director Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico

Arturo López Iglesias.

DIRECCIÓN XERAL DO EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL

Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico
Edificios administrativos San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tlfno.:981 54 51 10 – Fax.: 981 54 51 94
dx.planificacion.orzamentos.facenda@xunta.gal

Asinado por: LOPEZ IGLESIAS, ARTURO
Cargo: Director Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico
Data e hora: 13/02/2025 13:10:36
CVE: 0608hF5aCI40
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve